

TAREFAS 4º EP (08 Xuño) (Titora 11ª Entrega)

Ola de novo, meus nen@s de 4º!

Xa non queda nada! Unha semana máis debemos seguir co repaso dos contidos dados, pero desta volta ímolo facer de maneira máis divertida pois se aproximan as vacacións. Mirade a continuación..., que vos parece?



Na páxina principal están colgados uns enlaces de visitas virtuais a lugares moi interesantes (son os das fotos darriba, sabedes de onde son?) e tamén hai uns enlaces para ver un musical, "O rei León". Teredes que visionalos todos e facer o seguinte:

- Unha redacción sobre a visita ás illas CÍES: con título; de alomenos 12 liñas; en galego; en bolígrafo e coidando a letra e a presentación.
- Unha descrición sobre un dos animais que aparecen no vídeo do Acuario de Valencia (no "Museo das Artes e das Ciencias" desa cidade); podedes investigar e buscar información na Internet para facela máis completa: con título no que apareza o nome; de alomenos 12 liñas; en castelán; describindo os seus rasgos físicos e de carácter; en bolígrafo e coidando a letra e a presentación. Por suposto, e como sempre que facemos descricións, pola parte de atrás tedes que pintar a ese animal.
- Un debuxo dun personaxe do "Rei León" e noutra folla, outro debuxo dunha paisaxe típica dese musical, ou sexa, da selva: deben ser grandes (tamaño folio), con marco, pintados con rotuladores ou témperas. A ver eses artistas!!!
- Un conto inventado sobre o "rei león" pero no que o león non sexa o rei da selva senón todo o contrario: con título; presentación, nó e desenlace; en bolígrafo ou lapis; coidando a letra e fíxándose nas faltas de ortografía e acentos.
- Anotade cantos animais vedes no vídeo do rei león e ponde en fracción os que hai de cada clase. Exemplo, si o total foran 25 (sería 25/25), de xirafas hai 3 pois 3/25, etc... Logo inventade un problema con animais da selva e mariños (de 2 contas).
- Seguid coa lectura comprensiva nas dúas linguas, o cálculo e os problemas de razoamento. Se queredes ampliar algo facédeo usando os enlaces da Internet que vos puxen en anteriores comunicacións. Podedes tamén rematar as tarefas da semana pasada que non acabárades.

Dirección de correo electrónico para mandar o traballo feito: ribedino4@gmail.com

Unha aperta moi grande. Espero que estedes todos ben, moitos ánimos.

A profe Monse.